

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 18 DE XULLO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezoito de xullo de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 11 de xullo de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- ALTAS DE USUARIOS/AS NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) PARA O CURSO 2025/2026

ANTECEDENTES

1. Con data 18 de maio de 2005 entrou en funcionamento a instalación municipal denominada Punto de Atención á Infancia (PAI).
2. O Pleno do Concello, na sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2021, aprobou o Regulamento de organización e funcionamento do Punto de

Atención á Infancia (PAI). Dita normativa foi publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 180, correspondente ao día 17/09/21, atopándose plenamente en vigor a esta data.

3. O artigo 9 do dito Regulamento dispón que o Concello abrirá anualmente un prazo de solicitude para a inscrición dos/as menores usuarios/as.
4. Para o curso 2025/2006 abriuse o corresponde prazo de presentación de solicitudes mediante acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 30/05/25 e, durante o prazo establecido que rematou o día 20 de xuño de 2025, presentáronse as seguintes solicitudes:

SOLICITANTE	DNI/NIE	DATA	REX.	USUARIO/A
Sheila Jorge Porto	████████	09/06/25	901	Ander Jorge dos Santos
Yolanda Domínguez Patao	████████	09/06/25	902	Manuel Fernández Domínguez
Sandra Estévez Iglesias	████████	10/06/25	920	Mateo Conde Estévez
Carla Sofía da Costa Esteves	████████	12/06/25	953	Mía Saa da Costa
Belén Villanueva Patao	████████	12/06/25	954	Rosalía Ferradás Villanueva
Isabel Saa García	████████	12/06/25	955	Iker García Saa
Lucía Calviño Vence	████████	17/06/25	987	Martiño Castro Calviño
Juan Carlos León Flórez	████████	18/06/25	995	Gael León Mantilla
Mayessa Slendy Jaimes Flórez	████████	18/06/25	996	Elián García Jaimes
Nancy Fernández Fafián	████████	19/06/25	1016	Carmen Fernández Fernández
Alba Simón Valladares	████████	20/06/25	1025	Marco Vázquez Simón
Miguel Ángel Caileo Martinelli	████████	20/06/25	1035	Manuela Caileo Avisbal
María Fernanda Perea Vásquez	████████	20/06/25	1036	Montserrat Peñaranda Perea
Nikol Daniela Pabón Flórez	████████	20/06/25	1037	Julieta Jaimes Pabón

5. Os Servizos Sociais do Concello emiten o correspondente informe, con data 16/07/25, no que se acredita o cumprimento das solicitudes presentadas dos requisitos esixidos e procede á puntuación das admitidas segundo o baremo aplicable.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Admitir todas as solicitudes presentadas ao cumprir cos requisitos esixidos no Regulamento en vigor.

Segundo.- De conformidade co informe emitido polos Servizos Sociais municipais, acordan dar de alta como usuarios/as do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI) de Rodeiro, para o curso 2025/2026, aos/ás seguintes nenos/as:

USUARIO/A	DOMICILIO	PUNTUACIÓN	XORNADA ADXUDICADA
Gael León Mantilla	Rodeiro – Rodeiro	30	Completa
Julieta Jaimes Pabón	Rodeiro – Rodeiro	26	Completa
Ander Jorge dos Santos	Rodeiro – Rodeiro	24	Completa
Mía Saa da Costa	A Feira – Río	24	Parcial de mañá
Iker García Saa	Rodeiro – Rodeiro	24	Completa
Montserrat Peñaranda Perea	Rodeiro – Rodeiro	23	Completa
Mateo Conde Estévez	Leboro – Río	23	Completa
Elián García Jaimes	Rodeiro – Rodeiro	23	Completa
Manuel Fernández Domínguez	Rodeiro – Rodeiro	21	Completa
Rosalía Ferradás Villanueva	Rodeiro – Rodeiro	20	Completa
Manuela Calleo Avisbal	Vilafrió – A Portela	19	Completa
Martiño Castro Calviño	Pescoso – Santa Mariña de Pescoso	16	Completa
Carmen Fernández Fernández	Rodeiro – Rodeiro	16	Parcial de mañá
Marco Vázquez Simón	Cristimil – San Cristovo do Az	16	Completa

Terceiro.- Os/as usuarios/as admitidos/as deberán acreditar ante o Concello, no prazo de dez días hábiles, contados a partires do día seguinte ao do recibo da notificación do presente acordo, a documentación correspondente ás circunstancias sanitarias do/a usuario/a, presentando no Concello copia fidedigna da seguinte documentación:

- Copia auténtica da tarxeta da Seguridade Social ou documento equivalente do/a menor.
- Certificado médico do/a menor, facendo constar se padece algunha enfermidade ou alerxia e se precisa medicación ou outro tipo de observación ao respecto.

Advírtese expresamente que a no presentación de dita documentación no prazo establecido ao efecto, constitúe causa de baixa do/a usuario/a no

servizo, que se efectuará por acordo do presente órgano, previa audiencia ao/á interesado/a.

3.- RECOÑECIMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADOR LABORAL FIXO DO CONCELLO

— Ezequiel Fernández Bardelás

VISTA a petición formulada polo traballador laboral fixo, coa categoría de condutor, Don Ezequiel Fernández Bardelás (RE núm. 1308, do 17/07/25), solicitando o recoñecemento do complemento de antigüidade que lle corresponda en virtude do tempo traballado para o Concello.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballador laboral deste Concello dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que á data da súa contratación laboral fixa ten acreditado un período de 2.222 días traballados nesta entidade local.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER ao traballador laboral fixo Don Ezequiel Fernández Bardelás o seu dereito a percibir dous trienios de antigüidade con data de consolidación do día 17 de xuño de 2025 e con efectos económicos do día 1 de xaneiro de 2025 o primeiro deles e do mes seguinte á data de consolidación o segundo.

4.- APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL CON CARGO AO PLAN MARCO 2024-2025 (ANUALIDADE DE 2025)

En relación á subvención outorgada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por resolución de data 07/05/24 e importe total de

83.755,00 €, para a actuación denominada “*Mellora de camiño municipal de acceso a parcelas agrícolas en Álceme*”, ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (DOG núm. 18, do 25/01/24) – Expediente núm. [REDACTED], procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos correspondentes á anualidade de 2025.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as contas xustificativas da subvención concedida que a continuación se sinalan:

Plan de Mellora Camiños

- Subvención concedida (ano 2025): 42.951,24 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[REDACTED]	OB2025-59	10/03/2025	21/03/2025	40.961,80 €

- Cantidade xustificada: 40.961,80 €

Estudo Integral Rede Viaria

- Subvención concedida: 10.000,00 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	DNI	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
LETICIA DIÉGUEZ ALONSO	[REDACTED]	009/2025	15/07/2025	18/07/2025	11.991,10 €

- Cantidade xustificada: 11.991,10 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Axencia Galega de

Desenvolvemento Rural, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

5.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA Á ASOCIACIÓN ESCUDERÍA LALÍN-DEZA PARA GASTOS DA ORGANIZACIÓN DA PROBA DEPORTIVA DENOMINADA “29 RALI DO COCIDO”

ANTECEDENTES

1º.- A Asociación Escudería Lalín-Deza, con domicilio social en Lalín, organizou os pasados días 7 e 8 de marzo do corrente a proba do Campionato de Rallyes de Galicia 2025, denominada “29 RALI DO COCIDO”.

2º.- A proba percorreu parcialmente estradas deste Concello pertencentes ás parroquias de San Cristovo do Az, San Salvador de Camba, Camba, Fafián, Rodeiro, Río, A Portela e Santa Mariña de Pescoso, e motivou a asistencia de numeroso público, o que contribuíu á promoción turística do municipio, así como ao fomento da actividade económica en sectores como a hostalaría e os servizos en xeral.

3º.- O concelleiro-delegado de Deportes emite con data 04/06/25 unha memoria xustificativa das razóns de interese público e económico que xustifican a concesión dunha subvención de carácter directo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) establece como procedemento ordinario de concesión de subvencións o réxime de concorrencia competitiva. Porén, autoriza a concesión de subvencións de forma directa en determinados supostos nela establecidos.

Segundo.- Entre os supostos de concesión directa, o artigo 19.4, apartado c), da LSG establece textualmente: “*Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública*”.

Terceiro.- Segundo o disposto no artigo 26 da LSG a concesión directa deberá canalizarse a través da sinatura dun convenio.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Conceder á Asociación Escudería Lalín-Deza, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Lalín, unha subvención directa por importe de SETE MIL EUROS (7.000,00 €), con cargo á partida 340/480 do orzamento en vigor, para os gastos de organización da proba deportiva denominada “29 RALI DO COCIDO”.

Segundo.- Autorizar a subscrición do correspondente convenio co contido mínimo esixido no artigo 26.2 da LSG.

Terceiro.- Facultar expresamente ao concelleiro-delegado de Deportes Don Alberte Lamazares Casero para que, na representación do Concello, asine o preceptivo convenio.

6.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Rosa Castro Rey, traballadora laboral fixa do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais durante os meses de xullo e agosto do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta

ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta do Departamento de Servizos Sociais, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ MARÍA DEMETRIA ROGEL SA, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (15 horas/semana), entre os días 26 de xullo e 10 de agosto de 2025, ambos inclusive, en substitución da traballadora Rosa Castro Rey.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 28/02/25, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato asinados polo concelleiro-delegado de Economía en data 18/07/25, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na organización e descrición dos fondos documentais do arquivo municipal á sociedade UNAYTA OFICINA SIN PAPELES S.L., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Ames (A Coruña), ao prezo de ONCE MIL SETECENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (11.797,50 €), IVE incluído.

Segundo.- Os traballos contratados deberán axustarse á memoria explicativa redactada e ás condicións da subvención concedida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuxentude, ao abeiro da Orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 31, do 14/02/25) – Expediente [REDACTED].

Terceiro.- O prazo de execución do contrato, agás no seu caso prórroga aprobada pola administración que subvenciona, remata o día 31 de outubro de 2025.

Cuarto.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 920/227 do presuposto en vigor.

8.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 15/07/25, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato asinados polo concelleiro-delegado de Economía en data 18/07/25, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na asistencia técnica ao Concello en materia urbanística á arquitecta (colexiada COAG núm. [REDACTED]) Dona ALEJANDRA FERNÁNDEZ-

GAGO LONGUEIRA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio na Coruña, ao prezo de MIL CATROCIENTOS EUROS (1.400,00 €) mensuais, máis IVE.

Segundo.- O prazo de execución do contrato será polo tempo que dure a situación de baixa laboral por incapacidade temporal (IT) do técnico municipal de Urbanismo Don Gerardo Abeledo Iglesias sen que, en ningún caso, o período contratado poida superar o límite dun ano de duración.

Terceiro.- O prezo de adxudicación do contrato non poderá superar a contía total de 15.000,00 €, IVE excluído.

Cuarto.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 920/227 do presuposto en vigor.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 515,67 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 25A/951 e 25A/950 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 2.917,20 €
Por seguro anual da póliza de danos en instalacións e edificios municipais, s/factura núm. 75202519900020005005 (FACe).
- TYSGAL S.C. 4.719,00 €
Por servizo consistente na redacción de informes respecto do estudo de impacto ambiental do parque eólico “Agratrina”, así como a realización de reunións veciñais informativas, s/factura núm. JL/425.
- NEW CENTER BAZAR MODA S.L. 26,20 €
Por subministro de diverso material para o programa municipal “Rodeiro Activo”, s/factura núm. 2545.

- TALLERES JEYMA RODEIRO S.L. 877,81 €
Por traballos de reparación de vehículos municipais, s/factura núm. A/100.
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 718,74 €
Por subministro de bomba dosificadora de cloro para a piscina municipal, s/factura núm. FV/00002226 (FACe).
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 169,40 €
Por subministro de fotómetro para medición de parámetros de sanidade da auga da piscina municipal, s/factura núm. FV/00002422 (FACe).
- INDUSTRIA QUÍMICA RÍO BLANCO S.L. 251,98 €
Por subministro de cloro para a piscina municipal, s/factura núm. A/131315 (FACe).
- MAXIDEZA S.L. 5.929,00 €
Por adquisición de cabezal triturador para tractor, s/factura núm. 2025 A 003016 (FACe).
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 292,82 €
Por subministro de diverso material de electricidade e fontanería, s/factura núm. FV/00002227 (FACe).
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 4.733,52 €
Por adquisición de robot limpafondos para a piscina municipal, s/factura núm. FV/00002254 (FACe).
- SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA S.L. 19,45 €
Por subministro de materiais de abastecemento para obras municipais, s/factura núm. 25-LAL/1831 (FACe).
- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 151,25 €
Por traballos de reparación de avaría no abastecemento de auga do lugar de Arcas, s/factura núm. 15.

- COSAPLAG S.L.U. 753,13 €
Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. 20252517 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 140,49 €
Por analíticas de salubridade da auga da piscina municipal, s/factura núm. 20252665 (FACe).
- JUAN ALFONSO CURIEL ARES 790,00 €
Por representación do espectáculo “*Conto-concerto*” dentro da programación de Cultura no Camiño 2025, s/factura núm. 2025/013 (FACe).
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 647,18 €
Por subministro de zorra e grava para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000/000000488 (FACe).
- JOSÉ MANUEL DIÉGUEZ OSORIO 1.671,92 €
Por diversos traballos de acondicionamento de camiños nos lugares de Cuñarro, Padín e Rodeiro, s/factura núm. 25028.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 11.991,10 €
Honorarios por servizo de redacción dun estudo integral da rede viaria municipal, s/factura núm. 009/2025 (subvención Plan Marco 2024-2025).

Obradoiro dual de emprego “*Terras de Camba I*”

- MAXIDEZA S.L. 541,50 €
Por aluguer de desbrozadoras, s/factura núm. 2025 A 003193 (FACe).
- ARMANDO BARCALA DE LA FUENTE 598,95 €
Por aluguer de furgoneta, s/factura núm. 25023257 (FACe).

- PRIMO LALÍN S.L. 532,42 €
Por subministro de diverso material de construción, s/factura núm. 2025-06/00000160 (FACe).

- EBOS RAMÓN AGOLADA S.L. 50,00 € E 56,28 €
Por subministro de vestiario de traballo, s/facturas núm. V/209 e V/210 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)